

PERIGOS FÍSICOS		
PICTOGRAMAS CLP	CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO	
Bomba explotando  GHS01	- Explosivos inestables - Explosivos, div.1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 - Sustancias e mesturas que reaccionan espontaneamente, tipos A e B - Peróxidos orgánicos, tipos A e B	
Chama  GHS02	- Gases inflamables, cat. 1 - Aerosóis inflamables, cat. 1 e 2 - Líquidos inflamables, cat. 1, 2 e 3 - Sólidos inflamables, cat. 1 e 2 - Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente, tipo B, C, D, E e F - Líquidos pirofóricos, cat. 1	- Sólidos pirofóricos, cat. 1 - Substancias e mesturas que experimentan arrefecemento espontáneo, cat. 1 e 2 - Substancias e mesturas que, en contacto coa auga, desprenden gases inflamables; cat. 1, 2 e 3 - Peróxidos orgánicos, tipo B, C, D, E e F
Chama sobre círculo  GHS03	- Gases comburentes, categoría 1 - Líquidos comburentes, categorías 1, 2 e 3 - Sólidos comburentes, categorías 1, 2 e 3	
Bombona de gas  GHS 04	- Gases comprimidos - Gases licuados - Gases licuados refrigerados - Gases disoltos	
Corrosión  GHS05	Corrosivos para os metais, categoría 1	

PERIGOS PARA A SAÚDE HUMANA		
PICTOGRAMAS CLP	CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO	
Caveira e tibias cruzadas  GHS06	Toxicidade aguda (oral, cutánea, por inhalación), cat. 1, 2 e 3	
Corrosión  GHS05	- Corrosión cutánea (cat. 1A, 1B e 1C) - Lesión ocular grave, cat. 1	
Signo de exclamación  GHS07	- Toxicidade aguda (oral, cutánea, por inhalación) cat. 4 - Irritación cutánea, cat. 2 - Irritación ocular, cat. 2 - Sensibilización cutánea, cat. 1 - Toxicidade específica en determinados órganos (exposición única), cat. 3 - Irritación das vías respiratorias - Efectos narcóticos	
Perigo para a saúde  GHS08	- Sensibilización respiratoria, cat. 1 - Mutaxenicidade en células xerminais, cat 1A, 1B e 2 - Carcinoxenicidade, cat. 1A, 1B e 2 - Toxicidade para a reprodución, cat. 1A, 1B e 2 - Toxicidade específica en determinados órganos (exposición única), cat. 1 e 2 - Toxicidade específica en determinados órganos (exposicións repetidas), cat. 1 e 2 - Perigo por aspiración, cat. 1	

PERIGOS PARA O MEDIO AMBIENTE		
PICTOGRAMAS CLP	CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO	
Medio ambiente  GHS09	- Perigoso para o medio ambiente acuático: - Perigo agudo, cat. 1 - Perigo crónico, cat. 1 e 2	

Nota:O código que figura na parte inferior dos pictogramas é o código normalizado que identifica a cada un dos pictogramas e que coincide cos establecidos polo Sistema Globalmente Harmonizado (GHS)

As Palabras de advertencia:

Indican o nivel relativo de gravidade dos perigos para alertar ao lector da existencia dun perigo potencial.

«**PERIGO**», palabra de advertencia utilizada para indicar as categorías de perigo máis graves

«**ATENCIÓN**», palabra de advertencia utilizada para indicar las categorías de perigo menos graves.

As indicacións de perigo: Frases H (do inglés “Hazard”)

Indican os riscos específicos atribuídos ás substancias e mesturas en función da/s clase/s e categoría/s de perigo na/s que foron clasificadas.

Deben redactarse consonte o indicado no anexo III do Regulamento CLP.

Deben agruparse na etiqueta xunto cos consellos de prudencia .

Os consellos de prudencia: Frases P (do inglés “Precautionary”)

Asesoran sobre as medidas para previr ou reducir ao mínimo os efectos adversos para a saúde e o medio derivados dos perigos inherentes á substancia ou mestura.

Deben redactarse consonte ao indicado na parte 2 do anexo IV do regulamento CLP.

A información suplementaria:

Frases EUH:

Deben figurar na etiqueta das substancias e mesturas que posúen determinadas propiedades físicas ou relativas a efectos sobre a saúde humana.

Deben redactarse consonte o indicado no anexo III do regulamento CLP.

Figurarán tamén frases EUH nas etiquetas de mesturas que conteñan determinadas substancias perigosas.

Outra información:

As frases H, P, e palabras de advertencia das substancias ou mesturas clasificadas como perigosas para a a capa de ozono.

Elementos de etiquetaxe adicionais para produtos biocidas autorizados (RD 1054/2002)

Elementos de etiquetaxe adicionais para produtos fitosanitarios autorizados (RD 2163/1994).

Contido de COV (compostos orgánicos volátiles) das pinturas (RD 227/2006).

Calquera outro requisito de etiquetaxe contemplado no anexo XVII do Regulamento REACH.

Nota: pode obter a listaxe completa de frases H, P e EUH na páxina web do ISSGA (www.issga.es) en formato A4 e en formato póster.

A FICHA DE DATOS DE SEGURIDADE (FDS) MÁIS INFORMACIÓN

- Elemento fundamental na transmisión da información sobre os perigos dunha substancia ou dunha mestura.

- Proporciona información fundamental para avaliar os riscos derivados do uso de axentes químicos no traballo.

- O Regulamento CLP non lexisla directamente sobre a FDS, é dominio do Regulamento (CE) n.º 1907/2006 relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH) (artigo 31 e anexo II).

- A nova FDS parécese moito á actual. A novidade máis importante son os **“ESCENARIOS DE EXPOSICIÓN”** (EE) que se xuntarán á FDS como anexo para todas as **substancias e preparados perigosos que se poñan no mercado por enriba de 10 T/ano**.

Os EE deben elaborarse para cada uso da substancia, deben describir o proceso/s, as medidas de xestión do risco aplicadas e as medidas de control da exposición recomendadas polo fabricante.

ESTRUTURA DAS FICHAS DE DATOS DE SEGURIDADE SEGUNDO O REACH

1. Identificación do preparado e do responsable da súa comercialización	9. Propiedades físicas e químicas
2. Identificación dos perigos	10. Estabilidade e reactividade
3. Composición/información sobre os compoñentes	11. Informacións toxicolóxicas
4. Primeiros auxilios	12. Informacións ecolóxicas
5. Medidas de loita contra incendios	13. Consideracións sobre a eliminación
6. Medidas que deben tomarse en caso de vertedura accidental	14. Informacións relativas ao transporte
7. Manipulación e almacenamento	15. Informacións regulamentarias
8. Controis de exposición/protección individual	16. Outras informacións
ANEXOS: escenarios de exposición cando proceda	

- É obrigatorio subministrala:
 - Para todas as substancias e mesturas susceptibles de ser clasificadas como perigosas (na actualidade segundo o RD 255/2003 para mesturas e segundo o CLP para substancias e no futuro segundo o regulamento CLP para substancias e mesturas).
 - Substancias PBT e mPmB (anexo XIII REACH).
 - Outras substancias altamente preocupantes (anexo XIV REACH).

- O destinatario pode solicitar a FDS dunha mestura non clasificada como perigosa pero que conteña:
 - Substancias perigosas (≥ 1% peso ou ≥ 0,2% en volume)
 - Substancias altamente preocupantes (≥ 0,1% peso)
 - Substancias con Valor Límite de exposición comunitario (ex: chumbo inorgánico e os seus derivados, benceno, cloruro de vinilo monómero e madeiras duras).

Debe subministrarse gratuitamente en papel ou en formato electrónico e no idioma oficial do estado no que se comercializa a substancia ou mestura. Debe indicarse a data da súa elaboración.

Cando deben actualizarse?

- No momento en que a substancia ou mestura sexa clasificada e etiquetada consonte ao Regulamento CLP: figurarán as clasificacións segundo o RD 363/1995 e 255/2003 e as novas acordos co CLP ata o 1 de xuño de 2015. Despois desta data só figurarán as acordos co CLP.

- Cando se dispoña de nova información ou se teña constancia de novos perigos.

- Será necesario preparar novas FDS para substancias ou mesturas que pasan a ser perigosas ao aplicarlle os novos criterios de clasificación segundo o Regulamento CLP.

O empresario deberá determinar se existen axentes químicos perigosos no lugar de traballo. Se existen avaliar os riscos para a saúde e seguridade dos traballadores, orixinados polos devanditos axentes tendo en conta:

- as súas propiedades perigosas e
- calquera outra información necesaria que deba facilitar o proveedor ou se lle poida solicitar. Esta información debe incluír a FICHA DE DATOS DE SEGURIDADE (FDS).

O empresario deberá facilitar aos traballadores ou aos seus representantes legais o acceso á FDS redactada consonte á normativa vixente.



Actualizado decembro de 2010



**XUNTA
DE GALICIA**

PRODUCTOS QUÍMICOS PERIGOSOS:

A NOVA ETIQUETA

Para as substancias dende o 01/12/2010

Para as mesturas a partir do 01/06/2015

EXEMPLO DE ETIQUETA

Pictogramas de perigo

Identificador

Nº índice: 602-027-00-9

XX, S.A.
R/ ACZ...
Tel:...

TRICLOROETILENO

PELIGRO

H350, H341, H319, H315, H336, H412
Puede provocar cáncer
Se sospecha que provoca defectos genéticos
Provoca irritación ocular grave.
Provoca irritación cutánea.
Puede provocar somnolencia o vértigo.
Noctivo para los organismos acuáticos, con efectos nocivos duraderos
P202, P308+P313, P273
No manipular la sustancia antes de leer y comprender todas las instrucciones de seguridad.
EN CASO DE exposición manifiesta o presunta: Consultar a un médico.
Evitar su liberación al medio ambiente.

**Ollo!, non todos os perigos están simbolizados por un pictograma
Hai que ter en conta toda a información que proporciona a etiqueta**

Nota: as informacións que figuran nesta etiqueta danse a título indicativo. Deben ser modificadas ou completadas cando sexa preciso atendendo ao indicado no regulamento CLP.



www.issga.es

A ETIQUETA: A PRIMEIRA FONTE DE INFORMACIÓN SOBRE O RISCO QUÍMICO

A etiqueta constitúe a primeira fonte de información que debe conter un produto químico perigoso.

No noso país a clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias estivo regulado ata o 1 de decembro de 2010 polo Real Decreto 363/1995, do 10 de marzo de 1995 e a dos preparados perigosos está aínda regulada polo Real Decreto 255/2003, do 28 de febreiro de 2003, (e as súas correspondentes modificacións e actualizacións).

A nova regulamentación da etiqueta

Que é o Sistema Globalmente Harmonizado de clasificación e etiquetaxe de produtos químicos (GHS)?

É unha norma técnica de carácter internacional resultado do traballo realizado ao longo de 12 anos por diferentes institucións nacionais e organizacións, baixo a coordinación da Organización Internacional do Traballo (OIT). O documento final foi aprobado no ano 2002 polo Comité de Expertos do Consello Económico e Social das Nacións Unidas, nel plásmanse criterios harmonizados de clasificación e etiquetaxe co obxectivo de chegar á harmonización a nivel mundial.

Que é o Regulamento CLP?

É un regulamento europeo (Regulamento CE nº 1272/2008, modificado polo Regulamento CE nº 790/2009) sobre **clasificación, etiquetaxe e envasado** (en inglés “**classification, labelling and packaging**”) de **substancias e mesturas**.

Este regulamento incorpora á lexislación comunitaria os criterios do GHS acordados internacionalmente. Entrou xa en vigor o pasado 20 de xaneiro de 2009. No entanto, establécense uns períodos transitorios ata a súa aplicación total.; a nivel práctico isto tradúcese en que:

- Ata o 01/12/2010 a clasificación e etiquetaxe regulouse polos Reais Decretos 363/1995 e 255/2003 e o Regulamento CLP foi voluntario para substancias e mesturas (utilízase agora o termo mesturas en lugar do termo preparados que utilizaba a anterior lexislación)
- Dende o **01/12/2010: Regulamento CLP obrigatorio para substancias** e voluntario para mesturas
- A partir do **01/06/2015: Regulamento CLP obrigatorio para substancias e mesturas**

Nota: as substancias xa comercializadas (“na tenda”) antes do 01/12/2010 non se terán que volver etiquetar e envasar ata o 01/12/2012.

O Regulamento CLP non se aplica a:

- Substancias e mesturas radioactivas (ámbito de Directiva 96/29).
- Substancias e mesturas sometidas a supervisión aduaneira.
- Substancias intermedias non illadas (def. art. 3 (15) Regulamento REACH).
- Substancias e mesturas destinadas a I+D científico non comercializadas se se usan en condicións controladas de conformidade coa lexislación sobre lugar de traballo e medio ambiente.
- Residuos (def. segundo Directiva 2006/12/CE).
- Substancias e mesturas, cando sexa necesario por razóns de defensa.
- Transporte de mercadorías perigosas (excepto o contemplado no artigo 33).
- Substancias e mesturas como produto rematado destinadas ao usuario final:
 - Medicamentos (Directiva 2001/83/CE).
 - Medicamentos veterinarios (Directiva 2001/82/CE).
 - Produtos cosméticos (Directiva 76/768/CEE).
 - Produtos sanitarios (Directivas 90/385/CEE, 93/42/CEE e 8/79/CE).
 - Alimentos ou pensos (Regulamento (CE) n.º 178/2002).

Clases e categorías de perigo segundo o Regulamento CLP (partes 2 a 5 do anexo I)

As substancias ou mesturas que cumpran os criterios de perigo físico, para a saúde ou para o medio ambiente que establece o anexo I son perigosas e débense clasificar de acordo coas clases de perigo que establece o dito anexo.

Clase de perigo: Natureza do perigo físico, para a saúde humana ou para o medio.
Categoría de perigo: División de criterios dentro de cada clase de perigo, con especificación da súa gravidade.

Defínense 28 clases de perigo:

- **Perigos físicos:** 16 clases e 45 categorías.
- **Perigos para a saúde:** 10 clases diferentes e 28 categorías.
- **Perigos para o medio ambiente:** 2 clases e 6 categorías.

Na seguintes táboas listanse as definicións básicas das diferentes clases de perigo; para máis detalle sobre clases e diferentes categorías de perigo consultar as partes 2 a 5 do anexo I.

PERIGOS FÍSICOS	
Explosivos	Substancia sólida ou líquida (ou mestura de substancias) que de xeito espontáneo, por reacción química, pode desprender gases a unha temperatura, presión e velocidade tales que, poden ocasionar danos ao seu ámbito. Nesta definición quedan comprendidas as substancias pirotécnicas, aínda cando non desprendan gases.
Gases inflamables	Gas inflamable é un gas que se inflama co aire a 20 °C e a unha presión de referencia de 101,3 kPa.
Aerosois inflamables	Os Aerosois, é dicir, os xeradores de aerosois, son recipientes non recargables fabricados en metal, vidro ou plástico e que conteñen un gas comprimido, licuado ou disolto a presión, con ou sen líquido, pasta ou po, e dotados dun dispositivo de descarga que permite expulsar o contido en forma de partículas sólidas ou líquidas en suspensión nun gas, en forma de escuma, pasta ou po, ou en estado líquido ou gasoso. Clasifícanse como inflamables sempre que teñan algún compoñente clasificado como tal segundo as indicación do regulamento CLP.
Gases comburentes	Gas que, xeralmente liberando osíxeno, pode provocar ou facilitar a combustión de outras substancias en maior medida que o aire.
Gases a presión	Gases que se encontran nun recipiente a unha presión de 200 kPa (indicador) ou superior, ou que están licuados ou licuados e refrixerados. Inclúense os gases comprimidos, licuados, disoltos e licuados refrixerados.
Líquidos inflamables	Líquido inflamable é un líquido cun punto de inflamación non superior a 60 °C.
Sólidos inflamables	Substancia sólida que se inflama con facilidade ou que pode provocar lume ou contribuír a provocar lume por fricción.
Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente (autoreactivas)	Son substancias térmicamente inestables, líquidas ou sólidas, que poden experimentar unha descomposición exotérmica intensa mesmo en ausencia de osíxeno (aire). Esta definición exclúe as substancias e mesturas clasificadas como explosivas, comburentes ou como peróxidos orgánicos.
Líquidos pirofóricos	Líquido pirofórico é un líquido que, aínda en pequenas cantidades, pode inflamarse ao cabo de cinco minutos de entrar en contacto co aire.
Sólidos pirofóricos	Sólido pirofórico é un sólido que, aínda en pequenas cantidades, pode inflamarse ao cabo de cinco minutos de entrar en contacto co aire.
Substancias e mesturas que experimentan quentamento espontáneo	Substancia ou mestura sólida ou líquida, distinta dun líquido ou sólido pirofórico, que pode quentarse espontaneamente en contacto co aire sen achega de enerxía; esta substancia ou mestura difire dun líquido ou sólido pirofórico en que só se inflama cando está presente en grandes cantidades (kg) e despois dun longo período de tempo (horas ou días).
Substancias e mesturas que, en contacto coa auga desprenden gases inflamables	Substancias ou mesturas sólidas ou líquidas que, por interacción coa auga, tenden a volverse espontaneamente inflamables ou a desprender gases inflamables en cantidades perigosas.
Líquidos comburentes	Líquido que, sen ser necesariamente combustible en si, pode, polo xeral ao desprender osíxeno, provocar ou favorecer a combustión doutros materiais.
Sólidos comburentes	Substancia ou mestura sólida que, sen ser necesariamente combustible en si, pode polo xeral ao desprender osíxeno, provocar ou favorecer a combustión doutras substancias.
Peróxidos orgánicos	Substancia ou mestura orgánica, líquida ou sólida, que contén a estrutura bivalente -O-O-. Térmicamente son inestables, poden sufrir unha descomposición exotérmica autoacelerada. Ademais, poden ter unha ou varias das propiedades seguintes: (I) ser susceptibles de experimentar unha descomposición explosiva; (II) arder rapidamente; (III) ser sensibles aos choques ou á fricción; (IV) reaccionar perigosamente con outras substancias.
Substancias e mesturas corrosivas para os metais	Substancias ou mesturas que, pola súa acción química, poden danar os metais ou mesmo os destruílos.

PERIGOS PARA A SAÚDE	
Toxicidade aguda	Refírese aos efectos adversos que se manifestan tras a administración por vía oral ou cutánea dunha soa dose dunha substancia ou mestura, de doses múltiples administradas ao longo de 24 horas, ou como consecuencia dunha exposición por inhalación durante 4 horas.
Corrosión/irritación cutánea	- Enténdese por corrosión cutánea a aparición dunha lesión irreversible na pel, isto é, unha necrose visible a través da epiderme que alcanza a derme, como consecuencia da aplicación dunha substancia de ensaio durante un período de ata 4 horas. - Irritación cutánea é a aparición dunha lesión reversible da pel como consecuencia da aplicación dunha substancia de ensaio durante un período de ata 4 horas.
Lesións oculares graves/irritación ocular	- Lesión ocular grave é un dano nos tecidos do ollo ou unha deterioración física importante da visión, como consecuencia da aplicación dunha substancia de ensaio na superficie anterior do ollo, non completamente reversible nos 21 días seguintes á aplicación. - Irritación ocular é a produción de alteracións oculares como consecuencia da aplicación dunha substancia de ensaio na superficie anterior do ollo, totalmente reversible nos 21 días seguintes á aplicación.
Sensibilización respiratorio/cutánea	Sensibilizante respiratorio é unha substancia cuxa inhalación induce hipersensibilidade das vías respiratorias. Sensibilizante cutáneo é unha substancia que induce unha resposta alérxica por contacto coa pel.
Mutaxenicidade en células xerminais	Unha mutación é un cambio permanente na cantidade ou na estrutura do material xenético dunha célula. Os termos «mutaxénico» e «mutaxeno» utilízanse para designar aqueles axentes que aumentan a frecuencia de mutación nas poboacións celulares, nos organismos ou en ambos os dous.
Carcinoxenicidade	Carcinóxeno é unha substancia ou mestura de substancias que induce cancro ou aumenta a súa incidencia.
Toxicidade para a reprodución/lactación	Inclúe os efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade de homes e mulleres adultos, e os efectos adversos sobre o desenvolvemento dos descendentes.
Toxicidade específica en órganos diana (exposición única)	Toxicidade non letal que se produce en determinados órganos tras unha única exposición a unha substancia ou mestura. Inclúense todos os efectos significativos para a saúde que poden provocar alteracións funcionais, tanto reversibles coma irreversibles, inmediatas e/ou retardadas que non fosen tratados especificamente nas outras seccións.
Toxicidade específica en órganos diana (exposicións repetidas)	Toxicidade específica que se produce en determinados órganos tras unha exposición repetida unha substancia ou mestura. Inclúense os efectos significativos para a saúde que poden provocar alteracións funcionais, tanto reversibles como irreversibles, inmediatas e/ou retardadas. Non se inclúen aquí outros efectos tóxicos tratados especificamente noutras seccións.
Perigo por aspiración	Por «aspiración» enténdese a entrada dunha substancia ou dunha mestura, líquida ou sólida, directamente pola boca ou o nariz, ou indirectamente por regurxitación, na traquea ou nas vías respiratorias inferiores. A toxicidade por aspiración pode entrañar graves efectos agudos tales como pneumonía química, lesións pulmonares máis ou menos importantes e mesmo a morte por aspiración.
PERIGOS PARA O MEDIO AMBIENTE	
Perigoso para o medio acuático	-Toxicidade acuática aguda é a propiedade intrínseca dunha substancia de provocar efectos nocivos nos organismos acuáticos tras unha exposición de curta duración. -Toxicidade acuática crónica é a propiedade intrínseca que ten unha substancia de provocar efectos nocivos nos organismos acuáticos durante exposicións determinadas en relación co ciclo de vida do organismo.
Perigoso para a capa de ozono	Aquelas substancias que, segundo as probas dispoñibles sobre as súas propiedades e o seu destino e comportamento no medio (preditos ou observados), poden supoñer un perigo para a estrutura ou o funcionamento da capa de ozono estratosférico.

A NOVA ETIQUETA: INFORMACIÓN QUE DEBE CONTER

- O nome, a dirección e o número de teléfono do provedor ou provedores;
- A cantidade nominal da substancia ou mestura contida no envase a disposición do público en xeral, salvo que esta cantidade xa estea especificada noutro lugar do envase;
- Os identificadores do produto: detalles que permiten a identificación da substancia e que deben coincidir cos da “ficha de datos de seguridade”.
- Cando proceda, os pictogramas de perigo
- Cando proceda, as palabras de advertencia
- Cando proceda, as indicacións de perigo
- Cando proceda, os consellos de prudencia apropiados
- cando proceda, unha sección de información suplementaria

Estará escrita na lingua ou linguas oficiais do Estado ou Estados membros en que se comercializa a substancia ou mestura. No tocante ao territorio español estará como mínimo en castelán.

Os pictogramas de perigo

A clasificación das substancias e mesturas determina os pictogramas de perigo que deben aparecer na etiqueta. O pictograma de perigo correspondente a cada clasificación específica e os requisitos que deben cumprir os pictogramas, quedan establecidos nas táboas do anexo I e no anexo V do Regulamento CLP.

Cada pictograma ocupará como mínimo unha décimo quinta parte da superficie da etiqueta harmonizada e a superficie mínima nunca será menor de 1 cm².

Cando a clasificación dea lugar a que figure máis dun pictograma na etiqueta, aplicaranse os principios de prioridade que establece o artigo 26.

Preséntase deseguido información contida no anexo V que describe a aplicabilidade dos 9 pictogramas para as diferentes clases e categorías de perigo: